





1º educación primaria

Día das letras galegas 2021

XELA ARIAS

Xela Arias Castaño naceu o 4 de marzo de 1962 en Lugo pero foi inscrita no concello lugués de Sarria onde seu pai era mestre de primaria .

Era a primeira filla de Valentín Arias e Amparo Castaño.

Foi inscrita no Rexistro Civil co nome de María de los Ángeles, daquela non se podían poñer nomes galegos, aínda que na súa casa sempre se referiron a ela como Xela ou Xeliña.

Ingresou no colexio Fingoi, en Lugo, onde cursou infantil e 1º de primaria, rematando os estudos de primaria e bacharelato en Vigo, cidade á que foi destinado seu pai.

Con once anos, en 5º de primaria, gañou o *VI Concurso de Contos Infantís de O Facho*, co relato titulado *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia*.

Cando rematou o bacharelato e polos seus coñecementos de galego entrou a traballar en Edicións Xerais de Galicia.

Xela foi poeta, tradutora e profesora de Lingua e Literatura Castelá en secundaria.

Os seus libros de poemas máis coñecidos son *Tigres coma cabalos* e *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo.

Tamén foi tradutora ao galego de moitos libros: *As bruxas*, de Roald Dalh; *Contos ao Teléfono*, de Rodari; *O Gato Gaiado...*, de Jorge Amado...


Polo seu traballo a prol do idioma galego a Real Academia dedícalle o Día das Letras de 2021.



XELA ARIAS



Sinatura de Xela



Darío a diario é un libro de poemas dedicado ao seu fillo.


ACTIVIDADES BIOGRAFÍA

1. Completa o nome da persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas 2021.



X						
		I		S		
	A				Ñ	

2. Completa a caricatura de Xela Arias e colorea.



3. Ordena as letras para completar estas oracións.

Xela Arias naceu na provincia de _____.

ULOG

Seu pai era _____.

SRETME


Xela Arias era unha gran _____.

ETAPO


4.- Xela fixo moitas traducións de libros ao galego. Un deles é *Contos ao teléfono*, do escritor italiano Gianni Rodari. Serías quen de copiar a portada deste libro?

Gianni Rodari

Contos ao teléfono









Gianni Rodari
Contos ó teléfono



Juventud

5. Ordena as letras para formar o nome e os apelidos da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2021.

 EXLA	 SAIRA	 SACTOÑA
		

6. Que sabes da vida de Xela? Completa.

- Provincia na que naceu →

L			
----------	--	--	--

- Nome da nai de Xela →

A					
----------	--	--	--	--	--

- Nome do pai →

V							
----------	--	--	--	--	--	--	--

- Primeiro apelido de Xela →

A				
----------	--	--	--	--

- Idioma no que escribía →

G					
----------	--	--	--	--	--

7. Completa coas palabras do recadro os títulos dos seus libros de poemas máis coñecidos.

DIARIO

CABALOS






DARÍO A




TIGRES COMA



8. Xela traduciu ao galego tres dos seguintes libros. Risca os erróneos e pinta o marco dos verdadeiros.



9. Completa coas respostas axeitadas.



Con que nome foi inscrita no Rexistro Civil?








Con que nomes se referían a ela?

Que concurso gañou cando tiña 11 anos?

Onde traballou cando rematou o bacharelato?

De que materia foi profesora en secundaria?

10. Recorta e pega para completar a ficha de Xela.

 FOTO	NOME	
	APELIDOS	
 SINATURA	PROVINCIA DE NACEMENTO	
	NOME DO PAI	
	NOME DA NAI	

LUGO

VALENTÍN

ARIAS CASTAÑO

AMPARO



XELA

11. Ordena as palabras para formar o título do conto que Xela escribiu cando era nena e co que gañou un premio. Fai un debuxo sobre este conto. Colorea.


faladores

fraga leopardicia.

dos paxaros

e a

A fraga



TODOS OS BEBÉS SON TU

XELA ARIAS, *Darío a diario*



Todos os bebés son *tu* e ningún coma ti.

Todos os nenos son *tu* e ningún coma ti.


Todos os adolescentes son *tu* e ningún coma ti.

Todos os mozos son *tu* e ningún coma ti.

Todos os anciáns son *tu* e ningún coma ti.

Todas as nais son eu e todas, coma min, saben que es único.

1. En *Darío a diario* podemos ver un bebé na portada. Fai a túa propia versión da portada poñéndolle o debuxo dun bebé.



2. Ordena as etapas da vida que aparecen no poema que Xela lle dedicou ao seu fillo Darío.

MOZO

BEBÉ

NENO

ANCIÁN

ADOLESCENTE

1

2

3

4

5



3. Agora escribe, debaixo de cada debuxo, a etapa da vida que lle corresponda.



CONTOS AO TELÉFONO
GIANNI RODARI
Tradución: Xela Arias



A inventar números

- Inventamos números?
- Inventamos. Comezo eu. Case que un, case que dous, case que tres, case que catro, case que cinco, case que seis.
- É moi pouco. escoita estes: un remillón de billóns, un caldeiro de milleiros, unha inmensidade e un inmensidón.
- Eu, xa que logo, invento unha táboa:
 - tres por un, Trento e Verdún
 - tres por dous, chalanas e bous
 - tres por tres, leite con café
 - tres por catro, todo era grato
 - tres por cinco, subir dun brinco
 - tres por seis, amarrar os reis
 - tres por sete, dálle un moquete
 - tres por oito, visto e resolto
 - tres por nove, xa nada se move
 - tres por dez, volve outra vez.
- Canto custa este pastel?
- Dous tiróns de orellas.
- Canto hai de aquí a Milán?
- Mil quilómetros novos, un quilómetro usado e sete bombóns.
- Canto pesa unha bágoa?
- Segundo: a bágoa dun neno mecoso pesa menos que o vento, a dun meniño esfameado pesa máis que toda a Terra.

-Canto mide este conto?


-Demasiado.

-Entón inventemos de présa outros números para rematar a tarefa. Dígoos eu, á maneira de Modena: uni, doli, teli, catoli, catrischi, miri mirischi, un son dous.

-E eu dígoos á maneira de Roma: unci, duci, trici, catrici calinci, meli melinci, rife e rafe fan dez.

ACTIVIDADES

1. Cal é o nome do autor de *A inventar números* ?



2. Seguindo os números inventados do texto: case que un, case que dous... remillóns... Inventa ti algún número máis.

3. Na táboa que representa o texto hai palabras que riman, como por exemplo:



Dous	▶	bous
Cinco	▶	brinco
Seis	▶	reis
Nove	▶	move
Dez	▶	vez



Que palabras se che ocorren para rimar con estes números? Podes inventalas ou coller algunha do recadro.

couce café resolto moquete ningún grato

Oito	<input type="text"/>
Tres	<input type="text"/>
Sete	<input type="text"/>

Catro	<input type="text"/>
Doce	<input type="text"/>
Un	<input type="text"/>

4. Escribe catro números que comeecen por **deza-** e represéntaos cun debuxo.

Deza	<input type="text"/>
Deza	<input type="text"/>
Deza	<input type="text"/>
Deza	<input type="text"/>




5. No conto din que un pastel custa dous tiróns de orellas. Canto dirías ti que custa o pastel?






6. Se temos tres pasteis de chocolate e catro de amorodo, cantos pasteis temos en total?

Debuxa os pasteis e resolve o problema.

7. Rodea o alimento que penses que pesa máis e coloréao.



8. Mide agora coa túa regra o libro de matemáticas, o teu pupitre e o teu caderno. Cal dos tres mide máis? Indica a medida en centímetros e debúxao.



_____ = _____ cm

9. Igual que aparecen os números no texto escríbeos agora en inglés ata o dez.


1 ▶

2 ▶

3 ▶

4 ▶

5 ▶



6 ▶

7 ▶

8 ▶

9 ▶


10 ▶

10. Investiga agora como se dirían os números do un ao tres en alemán e cales son as cores da bandeira de Alemaña.

un ▶

dous ▶

tres ▶



11. Hai números que semellan debuxos. Escribe a carón de cada debuxo o número que representa.

